

Dolores Lois Soto

PONTEVEDRA, 1908-1992

Lola Lois tiña vinte e dous anos cando casou con Ramiro Paz, que tiña trinta e nove e fora pai de cinco criaturas coa súa defunta esposa, Pura Beloso. O maior, Ramiro, tiña quince e a máis pequena, Fina, só dous e case ningunha lembranza daquela nai que ficara encamada desde que o seu parto lle provocara graves hemorraxias. Foran cinco moi seguidos e daquela a medicina non era como a de hoxe.

Lola, que nacera no barrio da Moureira, cosía para a familia. Durante os seis anos de matrimonio quedou embarazada catro veces, a última seis meses antes de que o seu home fose condenado a morte polos franquistas. Segundo conta o fillo póstumo, foi a propia Pura a que animou a Ramiro a casar de novo, e a voda chegou uns meses despois:

“Coñecéronse porque cosía para a muller primeira do meu pai. Estaba enferma do pulmón e díxolle a el que a miña nai sería boa para coidar os seus fillos”. [Ramiro Paz, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

Con Pura Beloso, Ramiro Paz tivo a Ramiro, Pura, Óscar, Isidro e Fina. E con Lola tivo a Elva en 1931, a Dolores en 1933 e a Ofelia en 1935. O benxamín naceu en febreiro de 1937, tres meses despois de que o seu pai fose fusilado xunto a outros nove destacados republicanos, no fatídico 12 de novembro de 1936.

Até que cumpriu os doce anos foi Fina a que máis coidou del. Apenas era unha meniña pero non había outra. Á tía Lola, como adoitaban chamarlle á segunda muller do seu pai os fillos de Pura, tocoulle traballar moi duro para tirar para adiante. Non só faltaba o salario de Ramiro. Ademais fóronlles incautados os seus



bens para facer fronte á escandalosa multa de un millón de pesetas, que segundo a sentenza tiñan que aboar de xeito solidario os dez condenados. Á familia Paz quitáronlle a imprenta *La Popular*, que tiñan no número 7 da rúa Charino, e o quiosco da Alameda. Dos negocios, Lola só mantivo o surtidor de gasolina que explotaban e porque non era seu. Estaba a nome de Antonio Casas Otero, a quen llo alugaran, e era atendido polo irmán por liña materna de Ramiro, Eladio Lis Paz¹, que un pouco antes do golpe marchara de viaxe a Barcelona para asistir co seu orfeón á Olimpiada Popular e alí alistouse no bando republicano.

A gasolineira foi atendida polos fillos maiores de Ramiro, por Manuel, un mozo do hospicio que o matrimonio acollera, e pola propia Lola, que tivo que andar a todo, como se dicía daquela, para tirar cara adiante:

“Despois de que mataran o meu pai, eu lembro a miña casa con moita pena, moita tristeza. A súa relación con nós era moi boa, moi alegre, e cando pasou o que pasou o ambiente foi terrible. Logo vaste refacendo, vas axudando na casa porque todos eramos pequenos e había que axudar a criar os demais, que a tía tivo que traballar moito. Traballou na gasoli-neira, cosía e vendía teas polos mercados... Tiña que axudarnos a nós e tamén á avoa, a nai da miña nai, que tiña na casa ao meu irmán maior. E tamén á súa nai, que estaba soa”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]

Xa antes de morrer Ramiro, Lola axudaba cos negocios para que el puidera atender os múltiples quefaceres xurdidos da súa comprometida militancia política. Entre outros moitos cargos, Ramiro Paz foi concelleiro, presidente da agrupación socialista e Delegado Técnico Administrativo no Gran Hospital de Pontevedra. Ademais dirixiu os semanarios *Acción Obrera*, *Nueva Aurora* e *La Hora*. Por iso, ás veces tiña Lola que facer quendas cos fillos para atender o quiosco ou o surtidor, aínda que a maior parte do tempo adoitaba pasalo na casa porque eran moitos nenos. E non é que sobraran os cartos pero a verdade é que os negocios permítíanlles vivir folgadoamente e mesmo había posibilidade de axudar os que menos tiñan:

“O meu pai era moi caritativo. Eu lembro velo chegar á casa co xornal, que sempre estaba lendo, e arredor del ter xente moi humilde que viña pedir. El sempre lles daba. Nós vivíamos folgadoamente; non é que sobrara pero o meu pai traballaba e vivíamos ben e sempre nos inculcou a necesidade de axudar os demais”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]

É unha lembranza que comparten as dúas irmás Paz Beloso. No libro *Ramiro Paz Carbajal, unha vida segada pola barbarie*, a súa autora, Aurora Marco, trae unha completísima biografía do socialista e recolle emotivos testemuños de Pura,

1 Ramiro Paz era fillo de solteira. Despois a súa nai casou e por iso o seu irmán se apelida Lis Paz.



como este lembrando o carácter do seu pai, que morreu uns días antes de que ela cumprira os trece anos:

“Lembro que con motivo do meu décimo aniversario fiquei sen regalo: unha boneca con cara de china que me gustaba bastante. Meu pai propúxome entregar eses cartos a unha familia necesitada que coñecía. Tratábase dun panadeiro que tiña varios fillos e estaba aqueixado de tuberculose. Por cuestións sanitarias non tiña traballo. “Que che parece?” díxome ao proporme aquel trato. Eu asentín e alá fun darlle os cartos a aquela familia; el acompañoume e ficou na ponte, preto da casa do panadeiro, agardando por min. Así nos ensinaba a repartir sempre. Tamén na escola, onde compartía coas compañeiras o bocadillo”. [Pura Paz Beloso, filla de Ramiro, para Aurora Marco.]

Non só na axuda aos demais puña Ramiro Paz en práctica o seu ideario político. Ademais fuxía de calquera práctica de matices caciquís, como tamén lembra Pura no libro sobre o seu pai:

“Á nosa casa chegaban moitos regalos pero tiña prohibido que os collésemos. Unha vez apareceu unha señora de Muros cunha merluza e marisco. A avoa Consuelo negouse a coller aquel presente mais a señora dixo que o produto se estragaría porque até a noite non estaría de volta na casa. Meu pai taxou todo e deulle os cartos. Non concibía que a xente prescindise do pouco que tiña para darlo a quen non o precisaba. Iso, dicía, facíanos os caciques”. [Pura Paz Beloso, filla de Ramiro, para Aurora Marco.]

Ambas as fillas coinciden en subliñar o cariñoso que era con elas. Conta Fina que, como non tiña demasiado tempo para darlles, Ramiro xuntaba toda a descendencia na cea do sábado ou no almorzo do domingo e as criaturas máis pequenas, que aínda non chegaban á cadeira, sentábaas nun banco moi alto que tiñan no comedor para charlar todos mentres comían. O resto dos días, Fina leváballe o almorzo á imprenta nuns cacharriños altos de porcelana que tiñan unha asa e un buraco para a culler. Igual era pola idade pero, de entre todos os irmáns, sempre lle tocaba a ela facer eses recados.

Todo mudou aquel xullo do 1936. Ramiro Paz foi detido o mesmo día da caída do goberno civil. As crónicas recollen que se enfrontou ao gobernador, Gonzalo Acosta Pan, chamándolle traidor cando decidiu acatar as ordes dos sublevados e entregar o mando. Logo marchou ao Hospital e alí foron prendelo ese mesmo día. Dous despois farían oficial o seu cesamento como delegado.

A familia conta que as monxas da institución, firmes defensoras de Ramiro, lle ofreceran un hábito de cura para fuxir disfrazado. Tamén o seu gardián dixo que non se daría por informado se fuxía pola xanela pero el non quixo fuxir. Non fixera nada malo. Ata o 6 de setembro non foi trasladado á Escola Normal, habili-



tada como cárcere polos franquistas, e de aí saíu para San Simón o 22 de outubro. Nove días despois da súa chegada á illa celebrouse unha farsa de xuízo no que decretaron pena de morte para el e os outros nove mártires do 12 de novembro: Juan Rico, Telmo Bernárdez, Luis Poza, Amancio Caamaño, José Adrio, Germán Adrio, Paulo Novás, Víctor Casas e Benigno Rey:

“No expediente do Consello de Guerra non aparece o que dixo o Fiscal. “Este home move masas. E a xente coma el é un perigo. Até o de agora fixo cousas boas pero, se algún día as fai malas, a xente iría tras del. Iso é un perigo”. [Pura Paz Beloso, filla de Ramiro, para Aurora Marco.]

De nada serviran os bos informes presentados no xuízo. Como o de Evaristo Paredes, dono da imprenta onde se editaba *Diario de Pontevedra*. Paredes explicou que o 19 de febreiro de 1936, día do escrutinio das eleccións a deputado nas Cortes, o seu negocio fora asaltado e Ramiro Paz acudira no seu auxilio, logrando expulsar os amotinados e salvando a súa maquinaria.

Ou como o das monxas do Hospital, que tamén apoiaron a Ramiro a pesar de que non era crente:

“O meu pai non era crente. Nin anticlerical. Tiña boa relación coas monxas do hospital, tiveron algún rifirrafe polo menú dos enfermos pero penso que elas fixeron de corazón o escrito gabando o meu pai cando foi o proceso”. [Ramiro Paz Lois, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

Ramiro facía cousas boas pero era un perigo se algún día as facía malas. Iso dixeron e foi condenado a morte. As súas fillas foran velo ao cárcere:

“A última vez que vin o meu pai foi na súa cama, na esquina daquela cela gris do cárcere. Era un sitio horrible, cun cheiro terrible a verdura cocida. Non lembro se fun coa miña tía. O meu pai estaba no primeiro piso, foi a última vez que o vin pero non creo que el soubese que era o último día e eu menos... Todo o mundo esperaba o indulto. A miña tía marchou a Burgos con varias viúvas pero, cando chegaron aquí, estaban mortos”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]

Embarazada de seis meses, Lola foi a Burgos xunto con Aurora Poza, que tamén esperaba un bebé doutro dos condenados do 12 de novembro, José Adrio; ou a nai desta, Aurora Pastrana, que tiña na mesma causa o seu fillo Luís Poza. Dixéronlles que marchasen tranquilas, que ían salvalos, mais cando chegaron xa estaban mortos.

Fina só foi visitar o seu pai na que fora Escola Normal pero Pura chegou a ir ao Lazareto de San Simón levarlle comida. Lembra unha das visitas que fixo coa súa tía, Elena Lis Paz, e o que o seu pai lle dixo:



“Non te separes nunca dos teus irmáns, nunca. Aínda que teñades que pasar privacións, sempre xuntos, axudándovos. Querédevos sempre. Todo sairá ben”.
[Pura Paz Beloso, filla de Ramiro, para Aurora Marco.]

Nos seus últimos días en prisión, Ramiro mandou chamar a un fotógrafo para que lle fixera un retrato, o último aceno resistente dun home condenado que non quería que o seu recordo se perdese da historia. Aínda é hoxe que Pura non é quén de mirar esa foto. Desde a súa casa escoitouse a descarga que o asasinaba:

“Eu sentín a descarga. Ás sete da mañá escoitase o mínimo ruído. Esa madrugada tiñamos todo aberto. Estaba un día... É casualidade que, dende entón, cada 12 de novembro amence o mesmo día gris, de chuvia miúda, coa atmosfera baixa. Todos os anos fai o mesmo tempo, e para min sempre é igual de triste, novembro. Lembro estar na cama e escoitar a descarga... Recórdoa perfectamente. E logo os gritos e os choros. É un ditoso mes e un ditoso día que o paso moi mal”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]

Lola estaba en Burgos e as súas criaturas, xa orfas, nunha habitación con dúas camas estreitas e a de matrimonio. Empezaron a chorar e a berrar até que a veciñanza acudiu auxiliálas:

“Aquilo foi un desastre: todos os irmáns a gritos. Os pequenos non se darían tanta conta pero os que quedamos da primeira muller non sabiamos cal sería a nosa sorte... foi unha nenez moi triste”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]

Ramiro pedíralle a Lola que polo menos coidase dos fillos do primeiro matrimonio até que fosen maiores de idade e puidesen valerse por si mesmos. Ela sempre o fixo, aínda sen moito tempo nin folgos para os agarimos:

“Eu tiña nove anos e cando facía unha cousa que non debía e me rífaban, pensaba: ‘Se tivera o meu pai ou a miña nai, serían así as cousas?’ A miña tía portouse moi ben pero era seria con nós. Como ía ser alegre véndose con nove criaturas? Non é que fose dura pero tivo que facerse a forte. Iso si, creáronse moitos vínculos entre os irmáns”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]

O fusilamento de Ramiro foi só o principio. Lola tamén foi acusada do delito de rebelión. Dixeron que no momento da sublevación un grupo de mulleres, entre as que tamén estaban Elvira Lodeiro, María Fandiño ou Emma Mourón, intentara secuestrar esposas de militares para impedir que se adherisen ao golpe. Nunca se demostrou tal cousa e a causa foi sobresida:

“A miña nai era socialista como o meu pai e mesmo foi acusada con outras de intentar secuestrar a mulleres de militares. Ese proceso é de vergoña. Todo inventado. Unha atopou a muller do sarxento e díxolle:



-Vés con nós ao concello?

-Non, non vou...

E iso é un secuestro?”. [Ramiro Paz, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

Lola librouse da cadea pero non das incautacións nin dos rexistros:

“Tiñamos rexistros cada dous por tres, a cada momento, aínda que fosen as tres da mañá. Até levantaban a tapa do contador por se había algo alí escondido. Tiñamos unha radio Zenit e agochárona uns veciños que tiñamos, que eran mariñeiros. Tivérona metida nas redes até que rematou a guerra e puidemos sacala”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]

Hai un rexistro que Fina lembra especialmente. Unha noite, cando Dolores Lois aínda estaba en Burgos, presentáronse unha chea de militares cargados con fusís e desde a vivenda de enfrente comezaron a disparar contra a casa cunha metraladora colocada no ático. Os disparos, que mesmo afectaron á casa dos veciños, foron continuados, enchendo de terror os nenos:

“Metémonos nun oco onde estaba o armario e levantamos todo, colchóns, somieres... para protexernos por se viña unha bala. Os militares fixéronos abrir a porta de abaixo, a que daba ao peirao, e saíron cara a de adiante dicindo: “Alto el fuego que aquí sólo hay niños!”. Fora o veciño, que era militar, o que ordenou o asalto. Deixaron ocos enormes na parte de diante da casa”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]

Co medo, a Elva, a maior das fillas de Ramiro e Lola, que tiña cinco anos, enchéuselle o corpo de manchas.

A pesar de nacer no 37, até o fillo póstumo recorda rexistros, o que quere dicir que se prolongaron no tempo:

“Estaba eu xa no bacharelato, así que debeu ser no 46 ou no 48... Recordo estar facendo os exercicios, chamar á porta dous gardas de asalto e dous gardas civís e dicirlle á miña nai que me deitara. Ela foime meter na cama e agachou unhas fotos que tiñamos na casa dos militares de Jaca, da cabeceira da manifestación do 1 de maio... Agachounas baixo chave para que se entraban non as atopasen. Miraron pola casa pero... un paripé porque nin sequera entraron na habitación... Igual era porque había unha visita de Franco ou algo así porque cada vez que había unha visita de Franco tiñamos rexistro ou levaban detido a algún *rojo*...”. [Ramiro Paz Lois, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

A vida de Lola sempre ficou marcada e necesitou traballar moito para seguir adiante:



“A miña nai tivo que coser roupa para unha casa que había aquí que se chamaba daquela La casa de los calzoncillos. Estaba onde estaban os gardas, na casa dos Corbal. A miña nai cosía moitas veces polas noites para poder saír adiante e un pouco máis tarde foi vender teas á Estrada -lembro ir unha vez con ela- e ao Mosteiro. Despois tamén traballou no surtidor de gasolina”. [Ramiro Paz Lois, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

Lola traballou duro e a descendencia do seu home asegura que nunca pasaron fame:

“Nunca o pasamos mal, nunca pasamos fame, ela administrábase e supoño que en vez de ter zapatos bos teríámolos regulares pero sempre estivemos atendidos e non houbo distincións entre os fillos do primeiro e do segundo matrimonio. Levámonos todos sempre perfectamente como o meu pai pedira. Antes de morrer dixo que nos levásemos ben e estivésemos sempre xuntos e así foi”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]

Tamén Ramiro Paz Lois destaca a boa relación entre os irmáns e as irmás:

“No paseo de Colón había unha señora que vendía pan. Vendía pan de millo, de centeo e chuscos do exército, que daquela era o que había máis... Pois igual chegabas alí pola tarde e non quedaba pan, así que mamá dicía:

-Bueno, xa sabedes, hai que administrar o pan, que hoxe hai pouco, que ninguén se pase...

-Vale.

Chegaba a cea e sobraba pan porque todos os irmáns mirábamos de deixarlle o pan aos outros. É o exemplo de como nos levábamos...”. [Ramiro Paz Lois, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

Entre todos saíron adiante, que era o que máis lle preocupaba a Ramiro nas horas previas á súa morte:

“Nunca lles contei aos meus irmáns que unha señora de San Roque, que fora amiga da miña nai, contoume que o día que mataran o meu pai se cruzara con el cando o levaban na camioneta, coñeceuna e pediulle que, se algún día necesitá-bamos algo, mirase por nós. Ela viña para a lonxa, cruzáronse e el díxollo, pero non fixo falla, a miña tía foise arranxando”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]

Os fillos tardaron en poder axudar na economía familiar. Aínda que o maior, Ramiro José Paz Beloso, xa tiña quince anos cando quedou orfo de pai, os primeiros cartos que gañou foron para axudar a súa avoa materna, Jesusa Telmo, que fora quen o criara.



Todos viviron coa nai de Pura Beloso até que Ramiro volveu casar e entón, para que non ficase soa, decidiron que quedara alí Ramiro José, que tiña case nove anos. A seguinte, Pura, apenas seis, pois logo do nacemento do primoxénito, Ramiro Paz emigrara un tempo a Bos Aires e o seguinte embarazo tardou tres anos en chegar. O seguinte fillo foi Óscar, que quedou orfo aos once, e antes de Fina aínda estaba Isidro, a quen todo o mundo coñecía como Cané. En 1936 tiña dez anos. Tanto a súa muller como os seus irmáns coinciden en que foi o que peor levou a falta do pai.

Con criaturas tan pequenas, a única achega que durante anos tivo Lola foi a da súa nai, Consuelo Soto, que foi tamén como unha avoa para os fillos de Pura:

“Eu ía ao río coa avoa, a nai de Lola, porque dicía que traballaba mellor comigo que coas súas propias netas. Ela axudounos a criar os pequenos e a levar a casa. Vivía con nós e fixo de avoa de todos”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]

Mesmo o seu neto pequeno, Ramiro, asegura que Consuelo tiña especial predilección por Cané, que pola contra nunca encaixou con Lola, e sendo aínda un adolescente marchou coa súa avoa materna e o maior dos irmáns:

“Foi coa avoa e logo volveu á casa por medio de Pura pero nunca quitou esa amargura polo que pasara. Despois emigrou e cando chegou de Venezuela estivo dous anos sen pasar pola casa. Aínda vivían a miña nai e a miña avoa materna. Para a miña avoa materna Cané, sen ser neto, era o seu neto favorito. Era unha muller difícil pero por el tiña predilección. Cané na casa esperaba a que a miña nai se deitara para fumar e, no entanto, fumaba diante da avoa... A avoa axudaba moito na casa. Era moi traballadora, non podía estar quieta... Gardo moi bos recordos da casa, a pesar da falta de pai. De cativo chamábame a atención non ter pai; despois tíñao asumido. Fomos criados só por mulleres pero había exemplo e non había liortas”. [Ramiro Paz Lois, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

Non era fácil para a familia dun fusilado abrirse camiño, pero antes de emigrar, Cané puido traballar na imprenta que fora do seu pai e que a súa familia recuperou grazas á solidariedade da xente de Pontevedra.

Foi en 1941. Víctor Torres, o encargado que tiña Ramiro e que seguiu á fronte do negocio tras a usurpación franquista, decidiu abrir a súa propia imprenta e *La Popular* foi sometida a unha poxa, mais o resto de interesados decidiron non facer oferta e a familia Paz logrou recuperar o ben por un terzo do valor de saída.

Lola reabriuna na rúa Martitegui baixo o nome de Viúva de Ramiro Paz. Ramiro José, que entón tiña 21 anos, e Isidro, daquela con 15, ocupáronse do negocio loitando contra as múltiples trabas que lles puña o Concello que, por suposto,



nunca lles facía encarga ningunha. Os tres fillos varóns do primeiro matrimonio acabaron emigrando e foi o póstumo o que, co tempo, se fixo cargo da imprenta.

Eladio Lis Paz, o irmán de Ramiro, xa lle ofrecera a Lola seguilo na viaxe ao exilio que se veu obrigado a emprender tras acadar un importante posto no exército republicano, pero ela non aceptou.

“En España había moita necesidade e recibiamos moitas veces comida de Arxentina, sobre todo conserva e carne seca. Dixéronlle á miña nai se quería ir para alá, pero con nove rapaces e a avoa... dixo que non. A necesidade non chegaba a tanto e non fomos”. [Ramiro Paz Lois, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

O fillo máis novo de Lola e Ramiro lembra a visita que lle fixo ao cárcere ao seu tío antes de que puidese saír de Galiza.

“Para ir ver o meu tío Eladio, a miña nai levoume no colo ao cárcere, na antiga Audiencia. Para a miña mentalidade estaba lonxísimo e pensei que ía por primeira vez ao estranxeiro”. [Ramiro Paz Lois, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

Tras alistarse en Barcelona no exército republicano, Eladio Lis chegara a ser comisario do PC:

“Meteuse no batallón galego da República que montara Santiago Álvarez que, por ideoloxía, meteuno no quinto rexemento. Afiliouse ao PC e foi o comisario político que substituíu a Santiago Álvarez cando ascendeu. Caeu ferido e substituíuno de comisario político Seoane². Foi ferido no Ebro e acabou nun hospital franquista. Tiña tres balas: nunha perna, nun brazo e no peito. Un bo día o seu médico, que era xefe do hospital militar, chama por el e dille que teña coidado e non diga máis que foi comisario político porque os seus amigos o están a denunciar. Dille tamén que non se preocupe, que o vai mandar para Bilbao e aos seus amigos para Estremadura. Que os vai perder de vista. O médico salvoulle a vida porque aos comisarios políticos matábanos automaticamente. Despois de estar en Bilbao, veu a Pontevedra e eu escoitei dicir, aínda que non podo asegurar se foi así, que a miña nai falou coa que fora inspectora de Maxisterio, unha muller que estaba casada cun irmán do famoso Bruno³. Pediulle e trouxérono de Bilbao para aquí e despois soltárono e marchou, primeiro a Trives e logo a Arxentina, porque a miña nai e o meu pai tiñan familia alá”. [Ramiro Paz Lois, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

Ramiro lembra tamén ir coa súa nai ao cemiterio de Santo Amaro, que é onde sitúa a súa primeira lembranza sobre o que lle acontecera ao seu pai:

2 Cre que foi Antonio Seoane Sánchez, quen sería Xefe do Exército Guerrilleiro de Galicia, executado con José Gómez Gayoso, en novembro de 1948.

3 Segundo o blogue de Pepe Álvarez Castro “Pontevedra nos anos do medo”, a mestra chamábase Fermina Gutiérrez de Soto, casada con Juan Schweiger Damboech, irmán de Bruno Schweiger Dambo. O capitán Bruno, ou Bruno o alemán, é unha das persoas máis directamente sinalada cando se fala da represión na comarca do Morrazo.



“Íamos ao cemiterio en Defuntos e o 12 de novembro. Iamos á zona dos fusilados. A miña nai díxome:

-Agora imos ver a fosa común.

Foi a primeira vez que escoitei esa expresión. Non se falaba do que pasara pero tampouco se ocultou nunca que ao meu pai o mataran. Na casa escoitouse Radio Pirenaica desde que empezou a emitir e eu ía a un colexio, das irmás Méndez, que se sabía que tamén tiñan ideoloxía de esquerdas. Logo, sen ser moi clara e aínda sendo un neno, distinguía a postura política da xente. Aínda así non lembro ter preguntado nunca polo que lle pasara ao meu pai, era un tema tabú”. [Ramiro Paz Lois, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

Aínda que non falara demasiado do tempo de antes do golpe, Lola sempre mantivo a súa ideoloxía republicana e o seu afastamento da igrexa:

“A miña familia seguía sendo republicana e de esquerdas. No aspecto relixioso, eu fun bautizado aos vinte e seis ou vinte e sete anos... cando nacín, no ano 37, non me bautizaron, como tampouco bautizaran os meus irmáns máis novos. O maior si estaba e penso que Pura tamén, pero non bautizarme a min foi un bofetón aos outros. Foi unha decisión da miña nai. Houbo familias que igual se dobregaron a esa esixencia dos vencedores pero na nosa casa non. Na miña casa a conduta seguía sendo de republicanos e socialistas, e entón iso da relixión, non”. [Ramiro Paz Lois, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

Finalmente, Ramiro bautizouse porque era un requisito imprescindible para casar:

“Bauticeime con 26 anos. Por que? Porque o meu irmán Cané tivo que bautizarse para casar, daquela non podía ser doutra maneira, e por riba cando foi falar con don Peregrino, díxolle:

-Quero unha cousa discreta.

-Paréceche ben ás sete da mañá?

-Vale.

Vai, e ás sete da mañá ten a igrexa chea porque se encargara o cura de avisar a todo o mundo de que un *rojo* chegaba ao curro. Cané tivo que tragar e bautizarse coa igrexa chea.

Chega o seguinte... Óscar. Eu traballaba para os mercedarios de Poio coa imprenta e algúns dos frades eran amigos. Veu Óscar e di, xa que tes amizade... Logo até fixo a voda alí. Fomos alá para que o bautizaran e polo camiño pensei: “calquera día caso eu tamén e vou ter que pasar polo aro”. Así que cheguei e bauticeime eu tamén. O meu irmán quedou sorprendido e na volta eu díxenlle:



-Isto que che pasa a ti vaime pasar a min tamén en calquera momento.

Co tempo a miña irmá reprochoume porque ao fin non casei”. [Ramiro Paz Lois, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

Para a igrexa sempre estiveran marcados:

“Fixen o bacharelato sen bautizar, tranquilamente, e non houbo problemas pero si pequenos detalles. O cura, don Lino, que era un cabroncete, a todas as miñas irmás que estudaron o bacharelato e a min, a todos, dábanos un cinco. Eu era un mal estudante pero elas eran brillantes. Mais estaban sen bautizar e el sabía. A min unha vez mandoume un recado, debía de ter eu trece anos. Viñeron un par de compañeiros e dixéronme que debía bautizarme, que don Lino estaba disposto. Pero eu penso que lles contestei ben. Díxenlles:

-Decídelle a don Lino que aínda non estou preparado, que aínda non creo, que cando crea xa o avisarei”.

Aquel bautizo preventivo foi toda a súa relación coa relixión:

“Na miña casa nunca houbo misas nin gaitas. A miña nai non pisou unha igrexa até que morreu e fixéronlle funeral que eu non llo faría, a verdade, porque aínda que a igrexa estivo chea, se non se cre, non se cre”. [Ramiro Paz Lois, fillo póstumo de Ramiro Paz.]

Ademais de manter as súas ideas até ese funeral no que xa non puido decidir, Lola mantivo sempre boa relación con outras familias represaliadas, e Fina Paz aínda garda entre os máis felices da súa vida, os intres que pasou no taller de costura de Rita Sobrido, a viúva do mestre Germán Adrio, tamén fusilado o 12 de novembro:

“O taller de bordado deume a vida porque alí eramos moitas e partiámonos de risa. Rita era moi boa señora. Púñase á nosa altura, tiña moita simpatía e pasábámolo moi ben. Salvoume a vida ir alí, ía con moita ilusión. Ás veces a miña tía dicíame:

-Hoxe canto labor fixeches?

E eu contestáballe:

-Pois medio metro de festón...

-Ah! entón tal día tes que ter o labor terminado.

E eu, por medo a non volver ao taller, sempre lle daba unha desculpa: hoxe doíame o dedo e non fixen tanto... sempre inventaba algo para seguir indo”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]



Tamén mantivo Lola a amizade con Consuelo Pastrana e Aurora Adrio tras a viaxe compartida a Burgos. E mentres que no taller de Rita imperaba o silencio, na casa dos Poza Pastrana reinaba a memoria:

“Naquela casa si se falaba cando quedabamos soas. Na de Germán Adrio, non. Alí sempre había moita xente, igual podíamos facer un comentario se quedabamos en confianza ou se nos atopabamos na rúa pero era raro. Nieves non acostumaba a falar diso... andabas con moito medo. Nós, os represaliados, eramos moi poucos e eles, os falanxistas, eran moitos”. [Fina Paz Beloso, filla de Ramiro Paz.]

Lola sobreviviu ao ditador. Morreu en Pontevedra en 1992, aos 84 anos.